



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Modificación de estatutos

En cumprimento do disposto na normativa legal vixente sobre o depósito de estatutos de organizacións empresariais e sindicais, e para os efectos previstos na mesma, faise público que foi depositada o 7 de abril de 2026 acta da Asemblea Xeral celebrada o día 27 de marzo de 2026 pola "ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SETE PONTES", na que se recolle o acordo acadado en relación co cambio de nome da asociación, que pasa a chamarse "ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE VILALBA", e o modificación dos seguintes artigos dos seus estatutos: 1, 4, 6, 7, 12, 19, 20, 23 e 33.

Lugo, 15 de abril de 2026.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

R. 0994

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA DE PSICOPEDAGOGO/A, PARA A COBERTURA TEMPORAL DE NECESIDADES DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Mediante Resolución de Alcaldía de data 20 de abril de 2026, aprobáronse a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a **constitución dunha lista de agarda de psicopedagogo/a**, para a cobertura temporal de necesidades do servizo de Atención Temperá. O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello (<https://concellodeantas.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, para maior difusión.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan, de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello.

Antas de Ulla, 21 de abril de 2026.- A alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 1028

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 9 de abril de 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2026, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 9 de abril ata o 9 de xuño de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos

simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 9 de abril de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0995

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE ADMISIÓNS E EXCLUSIÓNS DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, QUENDA LIBRE, DE CATRO AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR (OEP 2022 E OEP 2025).

Unha vez publicada a lista provisional de admisións no proceso selectivo para cubrir catro prazas de Auxiliar de Axuda no Fogar, como persoal laboral fixo, mediante concurso-oposición, quenda libre, e transcorrido o prazo fixado de acordo coas bases aprobadas e publicadas no BOP do 14 de xaneiro de 2026, procede seguir cos trámites establecidos en ditas bases e polo tanto:

PRIMEIRO.- Apróbase a seguinte lista definitiva de admisións:

APELIDOS E NOME	DNI
ALVAREZ MARTINEZ, MARTA	***5231**
ALVAREZ VAZQUEZ, NAZARET	***9258**
ARANGO ROCHA, MARIA CARMEN	***9498**
BARREIRO LAMAS, LAURA	***8662**
BARROS MESQUITA, JOANICE	***5371**
CANDIA RIVAS, MARIA REMEDIOS	***4966**
CASTOSA VEIGA, REMEDIOS	***2523**
CLAVIJO BALLADARES, VILMA ARACELY	***8232**
COUTO LONGARELA, MARIA ANGELICA	***8261**
DIAZ AMARIS, NAYIBIS COROMOTO	***0583**
FAUSTINO SOARES, PAULA CARINA	****9526*
FERNANDEZ VAZQUEZ, VANESSA	***4237**
GARCIA DABLANCA, MONTSERRAT	***9599**
GOAS CAYON, MARIA PILAR	***1058**
GONZALEZ FRANCO, AROA	***9082**
JOSE DE ALMEIDA, EDILENE	***2578**
LOPEZ COTARELO, MARIA TERESA	***3628**
LOPEZ GARCÍA, MARIA BEGOÑA	***3404**
LOPEZ RODRIGUEZ, MARIA JOSÉ	***9258**
MARRUBE DIAZ, PATRICIA	***3800**

MENENDEZ MARIÑO, REBECA	***8002**
MESQUITA DE JESUS, IVONILDA	***2574**
MURIAS LAMAS, ESTIBALIZ	***8113**
PEREZ SANTOMÉ, MARIA INES	***9249**
RODRIGUEZ CASAS, ANGELA DANIELA	****7496*
DA SILVA DA SILVA, VALERIA	***4264**
SUAREZ FERNANDEZ, SONIA	***1715**
TASCON LARRAHONDO, LAURA VANESSA	***5496**

SEGUNDO.- Declarar excluídas definitivamente do proceso de selección ás seguintes persoas, xa que, inda que durante o prazo de subsanación de deficiencias presentaron documentación, a mesma non era a esixida. Presentaron certificado de cursos, certificados de empresa, contratos laborais,... pero non presentaron en ningún caso o certificado de profesionalidade, que era o que se lles requería.

EXCLUSIÓNS DEFINITIVAS:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DA EXCLUSIÓN
BERMUDEZ RIAL, MARIA ISABEL	***9470**	Non acredita ningunha das titulacións esixidas (solo módulos parciais de competencias, pero non o certificado de profesionalidade esixido).
GOMES ALVAREZ, SHEILA ALEXANDRA	***2213**	Non presenta certificado de profesionalidade, solo certificado dun Obradoiro de Emprego.
DE MESQUITA, IVONI	****8492*	Non presenta certificado de profesionalidade, solo xustificante de telo solicitado
RIBEIRO VAZ, ROSA MARIA	****4848*	Non presenta ningunha das titulacións que dan acceso proceso selectivo
VEIGA GINZO, MARGARITA	***2590**	Non presenta certificado de profesionalidade, solo xustificante de telo solicitado

TERCEIRO.- Designar os compoñentes do tribunal de selección que formarán parte das probas da citada praza:

TITULARES:

- **Presidenta:** Encarnación López Morado, Traballadora Social do Concello de Barreiros.
- **Vogais:**
 - Julia Vega Cartoy, Traballadora Social do concello de Barreiros.
 - Maria José García Veiga. Traballadora Social do Concello de Lourenzá.
 - Maria Dolores Rodríguez Moreda. Traballadora Social do Concello de Burela.
- **Secretaria:** Begoña Teijeiro Campo, Secretaria-Interventora do Concello de Barreiros.

SUPLENTES:

- **Presidenta:** Maria del Carmen Pelaez Rodriguez. Traballadora Social do Concello de Alfoz.
- **Vogais:**
 - Maria Consuelo Cartoy Veiga. Traballadora Social do Concello de Burela.
 - Berta Ares López. Traballadora Social do Concello de Oroul.
 - Ana López Pérez. Traballadora Social do Concello de Ribadeo.
- **Secretaria:** M^a Sofia Sanmartín Novoa, secretaria-interventora do concello de Alfoz

CUARTO: Convocar ao Tribunal para a súa constitución o día 9 de maio ás 8:00 horas nas oficinas do Concello de Barreiros.

QUINTO: Convocar ás aspirantes admitidas para a realización do **EXERCICIO TEÓRICO-PRÁCTICO da fase de oposición o mesmo día 9 de maio (sábado) nas oficinas do Concello de Barreiros.** Deberán acudir co DNI para identificarse antes do inicio da proba.

Dado o elevado numero de aspirantes a realizar a proba e que ésta ten que facerse de forma individual, **CITANSE PARA AS 8:30 HORAS as seguintes aspirantes:**

APELIDOS E NOME	DNI
ALVAREZ MARTINEZ, MARTA	***5231**
ALVAREZ VAZQUEZ, NAZARET	***9258**
ARANGO ROCHA, MARIA CARMEN	***9498**
BARREIRO LAMAS, LAURA	***8662**
BARROS MESQUITA, JOANICE	***5371**
CANDIA RIVAS, MARIA REMEDIOS	***4966**
CASTOSA VEIGA, REMEDIOS	***2523**
CLAVIJO BALLADARES, VILMA ARACELY	***8232**
COUTO LONGARELA, MARIA ANGELICA	***8261**
DIAZ AMARIS, NAYIBIS COROMOTO	***0583**
FAUSTINO SOARES, PAULA CARINA	****9526*
FERNANDEZ VAZQUEZ, VANESSA	***4237**
GARCIA DABLANCA, MONTSERRAT	***9599**
GOAS CAYON, MARIA PILAR	***1058**
GONZALEZ FRANCO, AROA	***9082**
JOSE DE ALMEIDA, EDILENE	***2578**
LOPEZ COTARELO, MARIA TERESA	***3628**
LOPEZ GARCÍA, MARIA BEGOÑA	***3404**
LOPEZ RODRIGUEZ, MARIA JOSÉ	***9258**
MARRUBE DIAZ, PATRICIA	***3800**

As restantes aspirantes CITANSE PARA AS 15:30 HORAS:

APELIDOS E NOME	DNI
MENENDEZ MARIÑO, REBECA	***8002**
MESQUITA DE JESUS, IVONILDA	***2574**
MURIAS LAMAS, ESTIBALIZ	***8113**
PEREZ SANTOMÉ, MARIA INES	***9249**
RODRIGUEZ CASAS, ANGELA DANIELA	****7496*
DA SILVA DA SILVA, VALERIA	***4264**
SUAREZ FERNANDEZ, SONIA	***1715**
TASCON LARRAHONDO, LAURA VANESSA	***5496**

Todas as aspirantes deberán permanecer las oficinas municipais, de forma controlada, sin poder usar o mobil (salvo urxencia), ata que realicen o exercicio, para evitar posibles filtracións do contido do mesmo.

Este exercicio desenvolverase oralmente en galego, polo que servirá tamén como proba adicional de galego para aquelas aspirantes que non teñan o CELGA 2.

O exercicio de cada aspirante grabarase polo tribunal a efectos de resolver as posibles reclamacións que podan existir, respectando sempre as obrigas en materia de protección de datos.

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa. Non obstante, en tanto determine a imposibilidade de continuar no procedemento, poderá interpoñerse recurso de reposición perante a alcaldía, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da práctica da presente publicación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da práctica da presente publicación.

Barreiros, 21 de abril de 2026.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 1029

CASTROVERDE

Anuncio

Que mediante Resolución de Alcaldía de data 16 de Abril de 2026, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2026:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga (1º trimestre do ano 2026).
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de sumidoiros.

Expóñense ao público polo pazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación dos padróns de: abastecemento de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, e servizo de axuda no fogar, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, dende o día 04 de Maio de 2026 ata o 04 de Xullo de 2026. Finalizado o prazo pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 17 de abril de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1030

A PONTENOVA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRES (3) PEÓNS FORESTAIS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026. REFORZO DO EMPREGO.-

Por decreto da alcaldía de data 21/04/2026 apróbanse as bases que rexerán a contratación por concurso – oposición de tres (3) postos de peón forestal como persoal laboral temporal durante un período de (4) catro meses a xornada completa no Concello da Pontenova ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2026.-

Prazo de presentación de instancias: CINCO DÍAS hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP (de 09:00 horas a 14:00 horas, no Rexistro xeral do Concello de A Pontenova, Praza do Concello

s/n – 27720 – A Pontenova), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.-

Bases da convocatoria: publicadas na sede electrónica municipal: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0> e no taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

A Pontenova, 21 de abril de 2026.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1031

PORTOMARÍN

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón AUGA – LIXO XANEIRO - MARZO/2026.
- Taxa Padrón CANON XUNTA DE GALICIA XANEIRO - MARZO /2026.

Expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 20/04/2026 ata o 20/06/2026.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Advírtese que a falta de pago do Canon de Auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Portomarín, 13 de abril de 2026.- O alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 0996

QUIROGA

Anuncio

DECRETO POLO QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS, SE PUBLICA A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E SE INDICA A DATA DA PRIMEIRA PROBA PARA A REALIZACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS NO CONCELLO DE QUIROGA.

Vistas as solicitudes presentadas para participar no proceso de selección para o nomeamento como funcionario/a (A2) correspondente á Oferta de Emprego Público 2025 dunha praza de Técnico/a de Xestión de Recursos Humanos no Concello de Quiroga.

Visto que se publicou o anuncio da Oferta de Emprego no BOP nº 245 do venres 24 de outubro de 2025 e no DOG Nº 216 do venres 7 de novembro de 2025.

Visto que se publicaron as Bases de selección completas no BOP nº 038 do luns 16 de febreiro de 2026.

Visto que se publicou a convocatoria no DOG nº 35 do luns 23 de febreiro de 2026 e no BOE nº 51 do xoves 26 de febreiro de 2026 .

Visto que as bases estiveron expostas durante o prazo de 20 días hábiles no taboleiro de anuncios do concello e na páxina WEB municipal e publicándose na Radio e Televisión municipais.

Vista a publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no BOP nº 075 do sábado 4 de abril de 2026, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Quiroga durante un prazo de dez días hábiles e que non se presentou ningunha alegación a mesma.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas en xunta de goberno xunto coa convocatoria en resolución de data 10 de febreiro de 2026, e en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso de selección para a provisión dunha praza de Técnico/a de Xestión de Recursos Humanos:

RELACIÓN DE ASPIRANTES ADMITIDOS

- Sandra Arza Rodríguez	DNI ***694***
- Mariano Villarroya Fernández	DNI ***599***
- Andrea Rodríguez Palo	DNI ***565***
- Marta Canellas Balaguer	DNI ***941***
- Laura Rodríguez Sanchez	DNI ***348***
- Estefania Mirón Rodríguez	DNI ***734***
- Lucía Fierro Álvarez	DNI ***731***
- Gloria González Iglesias	DNI ***708***
- Ana Isabel Arza Rodríguez	DNI ***209***
- Estefania Ramos Gómez	DNI ***599***
- Pablo Álvarez Castedo	DNI ***533***
- Karin Mago Marcano	DNI ***084***
- Sergio Irigoyen Vázquez	DNI ***554***

Non hai aspirantes excluídos.

SEGUNDO. Publicar a lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos.

TERCEIRO. A composición do Tribunal cualificador é a seguinte:

PRESIDENTE:

Titular: Don Isidoro Nogueira Panero, funcionario do concello de Quiroga.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A:

Titular: Don Carlos Granjel Dios, Técnico de emprego e persoal do Concello de Sanxenxo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Don Ramón Vila Anca, funcionario do Concello de Quiroga.

Suplente: Dona Julia Vázquez Silvarrey, xefa de sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Matilde Arza Arzúa, funcionaria do Concello de Folgoso do Courel.

Suplente: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral-axente de emprego e desenvolvemento local no departamento de Fondos Europeos, Sección de Innovación e Participación cidadá da Deputación Provincial de Lugo.

Titular: Dona Cristina Camba Gómez, funcionaria do Concello de Bóveda.

Suplente: Dona María del Carmen Dorado Duro, técnica de administración xeral na Sección de Contratación da Deputación de Lugo.

CUARTO. Convocatoria para a realización do primeiro exercicio (proba de galego).

Acordase convocar á persoa aspirante que non acredita o nivel de coñecemento da lingua galega requirido nas bases (Celga 4 ou equivalente), para a realización do primeiro exercicio da oposición, de conformidade coa base oitava:

- **Aspirante:** Andrea Rodríguez Palo
- **DNI:** ***565***
- **Data:** 4 de maio de 2026
- **Hora:** 11:00 horas
- **Lugar:** Salón de Plenos do Concello de Quiroga

QUINTO. O presente anuncio publicarase no BOP da provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Quiroga, de acordo co previsto nas bases da convocatoria.

SEXTA. Contra este acto resolutorio procede recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, computándose tales prazos a partir do día seguinte ao da publicación procedente, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro que estimen oportuno.

Quiroga, 21 de abril de 2026.- O alcalde, José Luis Rivera Castro. Ante min, o secretario accidental, Isidoro Nogueira Panero.

R. 1032

RIBADEO

Anuncio

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2. da Lei 7/85, de Bases de Réxime local e 56 do R.D. legislativo 781/1986 sen que se presentase reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado polo Pleno do Concello de data 10/02/2026 relativo á aprobación do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Ribadeo, que é a seguinte:

REGULAMENTO ORGÁNICO DE FUNCIONAMENTO DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADEO

Artigo 1. Os preceptos deste Regulamento aplicaranse preferentemente sempre que non vaian en contra de disposicións de rango legal que sexan de obrigado cumprimento, tendo en conta que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten carácter básico, e, igualmente, os artigos 1, 2, 3.2, 18, 22, inciso primeiro, 25, 26, 34, 48, 49, 50, 52, 54, 56, 57, 58, 59, 69 e 71 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto 781/1986, de 18 de abril.

Artigo 2. As sesións do Pleno poden ser de tres tipos:

- Ordinarias
- Extraordinarias
- Extraordinarias, de carácter urxente.

O galego, lingua de Galicia, é a do Pleno do Concello de Ribadeo. As convocatorias, ordes do día, mocións, propostas de acordo, ditames, emendas, actas, notificacións, recursos, comparecencias e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito no nome do Pleno redactaranse en lingua galega, excepto aqueles que deban producir efectos fóra da nosa Comunidade Autónoma.

Artigo 3. Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida, fixándose a mesma por acordo do Concello Pleno adoptado, a proposta da Alcaldía, na sesión extraordinaria que haberá de convocar a devandita Alcaldía dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación.

Artigo 4. As sesións extraordinarias serán convocadas cando así o decida o Alcalde ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal dos membros da corporación. Neste último caso, a súa celebración non poderá demorarse por máis de 15 días hábiles desde que fose solicitada.

Toda petición de convocatoria de sesión extraordinaria por membros da Corporación realizarase por escrito, e será presentada no Rexistro, asinada polo menos pola cuarta parte dos membros da Corporación; haberá de ser motivada e conterá, debidamente titulados, os asuntos que se pretenda tratar, deberán de ser concretos e de competencia do Pleno, coas correspondentes proposicións de acordo.

No caso de solicitude de Pleno Extraordinario pola cuarta parte dos membros da Corporación, se a Alcaldía non convocase o Pleno solicitado, quedará convocado automaticamente para o décimo día hábil seguinte ao de finalización do prazo sinalado no artigo anterior, ás doce horas.

O Secretario da Corporación notificará a todos os membros o contido no parágrafo anterior ao día seguinte da finalización do prazo de quince días citado anteriormente.

Ningún Concelleiro da Corporación poderá solicitar máis de tres plenos anuais.

Artigo 5. O asunto ou asuntos polos que se solicita o Pleno extraordinario, non poderán ser incluídos na Orde do Día dun Pleno ordinario nin Extraordinario, con máis asuntos, se non o autorizan os solicitantes da convocatoria. En ausencia do Alcalde/sa, ou de quen legalmente o substitúa, o Pleno quedará validamente constituído sempre que concorran un terzo do número legal de membros da Corporación, e desempeñará a Presidencia o Concelleiro de maior idade.

Artigo 6. Son sesións extraordinarias de carácter urxente, as convocadas pola Alcaldía cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permitan convocar sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida pola lexislación básica de Réxime Local. Neste caso, deberá incluírse como primeiro punto da Orde do Día, o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia. Se esta non resultar apreciada pola maioría simple do mesmo, levantarase acto seguido a sesión. Os Plenos extraordinarios de carácter urxente deben estar debidamente xustificadas e convocarse cun mínimo de 6 horas de antelación, agás feitos extraordinarios coma desgrazas ou eventos catastróficos, así como asuntos de suma importancia para o interese municipal.

Os asuntos incluídos nas ordes do día dos Plenos pola vía da urxencia requirirán que os expedientes sexan accesibles aos membros da Corporación, na medida das posibilidades no momento da convocatoria dos Plenos.

Artigo 7. As sesións do Concello plenario serán públicas, excepto cando o presidente, logo de oír aos voceiros e acordado por maioría absoluta, dispoña o contrario por motivos de orde pública, prestixio da Corporación ou honorabilidade dalgúns dos seus membros ou afecte a Dereito Fundamental de cidadáns do artigo 18.1 CE.

O público asistente á sesión non poderá intervir, nin se permitirán manifestacións de agrado ou desagrado, podendo a Alcaldía proceder, en casos extremos, á expulsión da sala dos que por calquera causa impidan o normal desenvolvemento da sesión.

Para ampliar a difusión auditiva ou visual do desenvolvemento das sesións, deberá instalarse no salón de plenos os sistemas oficiais de megafonía, circuítos de televisión ou de reprodución en streaming que poderán utilizarse como documentos complementarios para a redacción das correspondentes actas.

A criterio da Alcaldía, segundo os asuntos a tratar, poderá prohibirse a utilización de sistemas megafónicos e de gravación audiovisual polo público.

Artigo 8. Para a preparación e estudo dos asuntos que deben ser coñecidos polo Pleno do Concello, poderán constituírse Comisións Informativas, que funcionarán con carácter de continuidade.

Artigo 9. O Pleno, a proposta da Alcaldía, establecerá o número, denominación das Comisións e o número de membros que haxa de integralas, que responderá ao principio de proporcionalidade á representación obtida nas eleccións. Os Vogais das Comisións serán designados polos distintos grupos municipais. O Alcalde/sa será o Presidente/ta das Comisións Informativas, presidencia que poderá delegar no Concelleiro que determine. En caso de vacante, actuará como Presidente/ta o Vogal da Comisión de maior idade do equipo de Goberno. A Secretaría da Comisión, corresponde ao Secretario Xeral da Corporación ou Funcionario en quen delegue.

Ás sesións asistirán, con voz pero sen voto, os delegados de servizos correspondentes se os houbese, ou calquera outro membro da Corporación.

Tamén poderán asistir os funcionarios da Corporación que sexan requiridos polo Presidente da Comisión.

As reunións das Comisións Informativas non serán públicas.

Artigo 10. As Comisións deberán ser consultadas en todos os asuntos correspondentes á competencia do Concello Pleno, salvo que haxan de adoptarse acordos declarados urxentes.

O seu labor deberá limitarse ao estudo e preparación dos asuntos.

